



GRUPO MUNICIPAL

LUÍS REI NÚÑEZ, voceiro do Grupo Municipal de MAREA PONTEVEDRA, presenta ante o Pleno do Concello de Pontevedra a seguinte PROPOSICIÓN, solicitando que o Concello **IMPULSE MEDIDAS PARA O SOTERRAMENTO DO TRANSFORMADOR ELÉCTRICO SITUADO NA CONFLUENCIA DAS RÚAS ALEMAÑA E BÉLXICA NO BARRIO DE MONTE PORREIRO.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O mes de febreiro deste ano o Pleno do Concello aprobou por unanimidade unha proposta do Grupo Municipal de Marea Pontevedra para que se reactivase o plan para o soterramento da liña de alta tensión que atravesa o Barrio de Monte Porreiro. Como consecuencia desta iniciativa, o goberno do Concello retomou un asunto de grande importancia para a veciñanza de Monte Porreiro que levaba máis dun lustro pendente.

Deste xeito, o 22 de agosto o DOG publica a Resolución do 26 de xullo de 2017, da Xefatura Territorial de Pontevedra da Xunta de Galicia, pola que se somete a información pública a petición de autorización dunha instalación eléctrica no concello de Pontevedra (expediente IN407A017/447-4), que contempla o soterramento de 1.983 m da liña de denominación: LATDC66 V Tivo-Mourente; soterramento desde o apoio 317 á subestación de Mourente.

A Lei 54/1997 do “Sector Eléctrico” non resolveu os problemas da proliferación de infraestruturas eléctricas, polo que está pendente un cambio normativo a respecto das liñas de alta tensión (LAT), subestacións e transformadores que considere o “principio de precaución”, minimize as emisións electromagnéticas e aumente as distancias de seguridade respecto dos espazos vitais das persoas. Iso debe traducirse, necesariamente, en conducir as liñas de alta tensión por lugares deshabitados, no deseño de sistemas de

distribución máis seguros (incluíndo novos métodos de soterramento) que minimicen os efectos negativos destas instalacións.

Ademais da liña de alta para a que se acadou o compromiso de soterramento, no corazón do barrio de Monte Porreiro, ao carón dunha das torres que serán retiradas, na confluencia das rúas Alemaña e Bélxica dentro do Parque Europa, existe un centro de transformación eléctrica duns 35 metros cadrados de planta que conta con dous transformadores eléctricos no seu interior de 630 e 400 kVA, quilovoltioamperios, respectivamente. Este centro de transformación eléctrica ademais constituír un risco potencial para a saúde nunha contorna de xogo infantil e de reunión de persoas en xeral, crea unha importante barreira física, bloqueando a comunicación das rúas cara o parque central do Barrio de Monte Porreiro e imposibilita que se dote dunha entrada principal cunha mellor accesibilidade dende a rúa de Bélxica.

Marea Pontevedra entende que, tras lograr o compromiso de soterramento da Liña de Alta tensión, é o momento axeitado para impulsar unha mellora completa da zona central do Barrio, a través do soterramento deste centro de transformación eléctrica, co cal se liberaría un espazo importante para a mellora das condicións de vida da veciñanza.

PROPOSICIÓN

1. Instar á Xunta de Goberno Municipal a iniciar á maior brevidade posible conversas coa Consellería de Industria e a empresa Gas Natural-Fenosa, coa finalidade de alcanzar un acordo para a realización das obras de soterramento do transformador eléctrico situado na confluencia das rúas Alemaña e Bélxica no Parque Europa de Monte Porreiro.
2. Instar á Xunta de Goberno Local a adoptar as iniciativas necesarias para desenvolver os compromisos que o Concello adquira coa Consellería de Industria e Gas Natural-Fenosa para executar o soterramento do Transformador.

Pontevedra, 16 de novembro de 2017.



Luís Rei Núñez

O portavoz do Grupo Municipal de Marea Pontevedra.